

PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo (ed.) (2017): *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos (Cuadernos de Estudios Gallegos, XLIV)*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, 942 pp.

O Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento do CSIC vén recentemente de publicar na colección de anexos da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* (vol. XLIV) unha extensa monografía de investigación sobre o papel crucial que, a diferentes niveis e en distinto grao, xogaron as mulleres na Galiza medieval. O seu editor e investigador principal, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, ofrécenos unha ferramenta de traballo moi valiosa e rigorosa para o estudo da intensa actividade feminina, no exercicio da súa influencia e poder, recoñecíbel nos últimos séculos da Idade Media (XIII-XV). Trátase dun dos resultados máis senlleiros do equipo de investigación do IEGPS vinculado aos proxectos “Mulleres con poder ao final da Idade Media: colección de documentos” e “Mulleres con poder ao final da Idade Media: o testamento, a morte e a memoria” subsidiados ambos pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia (2010-11).

Mujeres con poder en la Galicia medieval vertébrase, en coherencia co subtítulo da obra, en tres grandes bloques de contido complementares: estudos, biografías e documentos. O primeiro deles (pp. [35]-339) componse dun conxunto de cinco ensaios enfocados no estudo da posición e protagonismo social da muller ao longo da Idade Media. Os tres primeiros ofrecen diferentes perspectivas, do punto de vista da historiografía, da historia social e da historia da arte, tocante á proxección global do poder feminino na época alto, pleno e baixomedieval, non só nas fontes escritas e epigráficas, mais tamén nas manifestacións artísticas. Primeiramente, o traballo de Manuel Recuero Astray (pp. [39]-69) fai un repaso da activa participación feminina no panorama político, cultural e monástico da Europa dos primeiros séculos medievais, aludindo a diversas e imponentes figuras desde a baixa Antigüidade romana –como Exeria ou Gala Placidia–, pasando polas mulleres vinculadas á realeza e á aristocracia xermánica ou francesa –caso de dona Clotilde, dona Amalasueta, dona Goswintha, donas

Radegunda e Fredegunda, dona Dhuoda ou dona Leonor de Aquitania– até chegar ás estirpes ibéricas, en especial o ámbito castelán-leonés, mais tamén o galego ou o navarro, como o caso da infanta Urraca e Elvira, fillas de Fernando I, dona Sancha Raimúndez, irmá do emperador Afonso VII, a raíña Toda de Navarra, ou, na área galega, dona Ilduara, nai do fundador de Celanova, a súa sobriña dona Guntruda, abadesa do mosteiro de San Martiño de Pazó, ou dona Aragonta, fundadora do mosteiro de Salceda de Caselas.

Pola súa parte, o ensaio de Miguel García-Fernández (pp. [71]-239) ofrece unha panorámica completa e actualizada da transcendencia, non poucas veces descoñecida ou inexplorada, da mulleres da nobreza e das aristocracias urbanas da Galiza baixomedieval; un poder entendido non só do punto de vista tradicional, mais tamén no que respecta á posibilidade de activaren –elas e non só eles– novas e estábeis redes de influencia e autoridade, como as derivadas da práctica do mecenado ou do exercicio deliberado do seu dereito á expresión mediante o poder da palabra (a súa voz e a súa memoria nos testamentos, nos instrumentos notariais, nas querelas xudiciais, nos inventarios patrimoniais etc.). O traballo contribúe sen reparos a matizar ou relativizar o espellismo historiográfico, aínda persistente na investigación actual, que porfía na drástica regresión da condición feminina en época baixomedieval por contraste coa situación dos primeiros séculos. O estudo ponderado e contrastado das fontes á nosa disposición combinado cunha análise global das circunstancias económicas, sociopolíticas e culturais da época permite aquilatar e revalorizar o papel, non necesariamente minorizado, mais transformado, do *madroado* feminino na sociedade desta época como parte crucial da engranaxe familiar e social á que pertencían estas mulleres. Así pois, ao longo deste extenso artigo ilústranse e contextualízanse diversos perfís vivenciais dalgunhas figuras femininas dinamizadoras das esferas privadas e

públicas do seu percorrido vital: a adquisición, xestión e transmisión do seu patrimonio; as actuacións e influencia no ámbito da liñaxe, do matrimonio e do conseguente percurso conxugal cotián –caso, por exemplo, de dona María de Bolaño, dona Inés e dona Xoana de Castro, dona Maior de Ulloa, dona Teresa de Távora, dona Aldonza de Mendoza ou dona María Pimentel de Castro–; o prestixio e autoridade no ámbito espiritual, cultural e da xestión patrimonial dos mosteiros e conventos femininos, actuando como administradoras, mediadoras, promotoras, benefactoras ou defensoras dos seus intereses e dereitos; por último, a importancia das disposicións testamentarias, non só como pegada da realidade patrimonial ou das redes familiares, mais tamén do punto de vista devocional e de perpetuación da memoria da testadora e da súa liñaxe.

Precisamente, a preservación da memoria é un dos aspectos centrais nas dúas colaboracións de Marta Cendón Fernández, en que se explora a imaxe das mulleres con poder na arte baixo-medieval galega, nomeadamente na escultura funeraria. No primeiro artigo (pp. [241]-287), a través da análise dun grupo de sepulcros tardogóticos, representantes de diversos sectores do entramado social (damas da realeza e da nobreza, da aristocracia urbana, relixiosas e mesmo outro tipo de perfís de mulleres traballadoras), estúdase a evolución da imaxe xacente e o impacto que proxecta non só a memoria do poder exercido en vida, mais tamén o maior prestixio e influencia social a través da exhibición do conxunto funerario. O segundo artigo (pp. [323]-339) aborda o estudo particular do estilo, iconografía e vicisitudes do magnífico sepulcro de alabastro de dona Aldonza de Mendoza, conservado actualmente no Museo Provincial de Guadalajara.

A extraordinaria importancia e singularidade da figura de dona Aldonza de Mendoza (ca. 1367-1435) é o que motiva, aínda dentro do primeiro bloque de contidos do libro, a presenza dunha subsección dedicada ao seu perfil biográfico e sociocultural. Nela, ademais do estudo do sepulcro, contamos cun outro importante contributo, da autoría de Isabel Beceiro Pita (pp. [289]-322), en que, tras un repaso ao intenso e accidentado percurso biográfico de dona Aldonza (especialmente no que respecta ao matrimonio e viuvez), aborda e actualiza o necesario estudo do seu perfil cultural, a través da análise da trintena de libros referidos nun inventario parcial de bens que dona Aldonza doara ao mosteiro xerónimo de San Bartolomé de Lupiana. Para alén da súa antigüidade (constitúe o segundo exemplo coñecido de biblioteca laica na Castela baixomedieval), o interese desta biblioteca é capital tamén desde

o punto de vista cualitativo, pois parece romper con todos os tópicos sobre as temáticas máis comúns no tocante á lectura feminina da súa época. Fronte ás obras de natureza relixiosa, devocional ou piadosa (como o *Vergel de consolación*), na súa biblioteca predominan as obras de carácter histórico (como a *General estoria* e a *Estoria de España*), clásico (como un exemplar das “Sumas de la conquista de Troya”) e, en particular, a literatura artúrica e cabaleiresca (varios testemuños do *Amadis* e do *Tristán*, e un exemplar da *Historia del rey Canamor*).

Os contidos salientados até aquí constituirían xa por si mesmos unha autorizada e obrigada referencia para o estudo do poder e da influencia da muller na Idade Media galega. Porén, o volume vai moito máis alá e ofrécenos no seu bloque central un extenso repertorio biográfico (pp. [343]-607), da autoría de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, consistente nun exhaustivo estudo xenealóxico e prosopográfico de máis de medio centenar de mulleres documentadas entre os sécs. XIII e XV. A partir dun afanoso proceso de acopio, análise e confronto dun vasto conxunto de fontes e referencias documentais, cronísticas e bibliográficas, reconstrúese primeiramente o retrato familiar e social de cada protagonista e, en consecuencia, o seu contexto parental, para despois profundar nos principais fitos biográficos, incluíndo en moitos casos as diferentes actuacións xurídico-patrimoniais documentadas.

O terceiro bloque da monografía representa o complemento idóneo dos estudos e repertorio ofrecidos anteriormente. Trátase dunha meditada escolma documental (pp. [619]-722), de autoría colectiva, composta por corenta instrumentos notariais datados entre 1307 e 1509 que reflicten a activa participación da muller en diferentes negocios e actos xurídicos. Esta selección complementase, ademais, coa adición doutras cinco pezas documentais, transcritas por Pablo S. Otero Piñeyro Maseda e Miguel García-Fernández (pp. [723]-838), relativas ao caso de dona Aldonza, entre as que destacan o testamento, o inventario de bens antecitado e o singular testemuño das pesquisas sobre os agravios e maltratos recibidos polo seu marido. Por último, para alén da útil relación das fontes e bibliografía utilizadas, inclúese unha excepcional colección dunha trintena de debuxos arqueolóxicos (representacións heráldicas e epigráficas, e iconografía funeraria), da autoría de Xosé Antón García González-Ledo e Estefanía Moreno Porcal.

Ricardo Pichel
 Universidad de Alcalá
 ripichel@gmail.com